



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E VIVENDA  
Dirección Xeral de Patrimonio Natural



UNIÓN EUROPEA

Fondo Europeo de  
Desenvolvemento Rexional  
*Unha maneira de facer Europa*

galicia

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE PORTAS, CALDAS DE REIS E VILAGARCÍA DE AROUSA E A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA DA XUNTA DE GALICIA, PARA A REALIZACIÓN DA SEGUNDA FASE CONSTRUTIVA DO ACONDICIONAMENTO DA VÍA VERDE DO SALNÉS NUN TRAMO DO TRAZADO DE FERROCARRIL ENTRE VILAGARCÍA DE AROUSA E A ESTACIÓN DE PORTAS**

En Santiago de Compostela, a 21 de febreiro de 2020

**REUNIDOS**

Dunha parte, D.<sup>a</sup> Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia ao abeiro do Decreto 94/2018, do 26 de setembro, polo que foi nomeada titular deste departamento e en virtude das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra parte,

D. Ricardo Martínez Chantada, Alcalde Presidente do Concello de Portas, actuando en virtude das facultades representativas que le atribúe o artigo 21.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

D. Jacobo Pérez Gulín, Segundo Tenente de Alcalde do Concello de Caldas de Reis, en substitución de D. Juan Manuel Rey Rey, Alcalde Presidente do Concello de Caldas de Reis, actuando en virtude das facultades representativas que le atribúe o artigo 21.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local

Dona Tania García Sanmartín, Primeira Tenente de Alcalde do Concello de Vilagarcía de Arousa, en substitución de D. Alberto Varela Paz, Alcalde Presidente do Concello de Vilagarcía de Arousa, actuando en virtude das facultades representativas que le atribúe o artigo 21.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

As partes recoñécense mutuamente a capacidade e lexitimación precisas para subscribir o presente convenio na representación que ostentan e, na súa virtude



## EXPOÑEN

**Primeiro.** Que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda é o órgano da Administración autonómica ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, conservación do patrimonio natural, paisaxe e vivenda, conforme o establecido no Estatuto de autonomía de Galicia.

Dentro da Consellería corresponde á Dirección Xeral de Patrimonio Natural as competencias en materia de conservación, protección, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia e dos seus elementos etnográficos e a súa preservación para as xeracións futuras. Entre estas competencias a de promover a creación e adecuación das infraestruturas de uso público necesarias para achegar á poboación local e os visitantes os valores naturais de cada zona, de forma ordenada e compatible cos obxectivos de conservación.

**Segundo.** Os Concellos exercen igualmente competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades autónomas, entre outras, en materia de medio ambiente e de conservación de camiños e vías rurais, conforme recolle a Lei 5/1997, do 22 de xullo de réxime local de Galicia (artigo 80.2.f).

**Terceiro.** Os concellos de Vilagarcía de Arousa, Caldas de Reis e Portas teñen encomendado á "Fundación de los Ferrocarriles Españoles" (FFE) a redacción do proxecto "Vía Verde do Salnés", sobre un tramo do trazo do ferrocarril entre Vilagarcía de Arousa e a Estación de Portas, que quedou en desuso coa posta en funcionamento do Eixe Atlántico de Alta Velocidade entre ambas localidades, cunha lonxitude de 9.195 metros a través dos termos municipais de Vilagarcía de Arousa, Caldas de Reis e Portas, na provincia de Pontevedra.



Esta iniciativa de recuperación de antigos trazados ferroviarios realízase no marco do Programa Vías Verdes, coordinado pola FFE, a cal desempeña ademais, as funcións de información e promoción do Programa, e encádrase así mesmo no "Programa de Camiños Naturais", do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente (MAPAMA).

**Cuarto.** A "Vía Verde do Salnés" desenvólvese sobre a explanación construída para a liña do ferrocarril Pontevedra-Carril-Santiago. O tramo Vilagarcía de Arousa Estación de Portas quedou en desuso sen servizo pola posta en servizo do Eixe Atlántico de Alta Velocidade, terreos sen aproveitamento urbanístico dos que son arrendatarios os tres concellos en virtude dos correspondentes convenios asinados con ADIF a fin de destinalos, única e exclusivamente, ao establecemento da dita Vía Verde.

Estes convenios de arrendamento, que entraron en vigor o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2036, con posibilidade de prórroga por 10 anos mais, describen no seu parágrafo III os terreos arrendados, que son:

| Termo Municipal      | P.K. Inicio | P.K. Final | Lonxitude (m) | Superficie (m <sup>2</sup> ) |
|----------------------|-------------|------------|---------------|------------------------------|
| Portas               | 38/753      | 39/995     | 1.242         | 36.517                       |
| Caldas de Reis       | 39/995      | 44/878     | 4.883         | 105.663                      |
| Vilagarcía de Arousa | 44/878      | 46/900     | 2.022         | 43.814                       |

A orixe do proxecto sitúase nas proximidades da aldea de Abelle, pertencente á parroquia de Rubiáns, no termo municipal de Vilagarcía de Arousa, rematando na estación de ferrocarril de Portas, nas proximidades da parroquia de Currás, no termo municipal de Portas, pasando polas parroquias de Godos e Salar, no termo municipal de Caldas de Reis, na provincia de Pontevedra.

A traza atravesa un viaduto e numerosos pontóns, pasos inferiores e outras obras de drenaxe menores, así como numerosas pasos superiores para camiños/estradas. Ao longo do recorrido sitúanse dúas estacións (Rubiáns e Portas), esta última en servizo.



A continuidade do trazado ferroviario é moi boa, non existindo discontinuidades no tramo, agás nos últimos 850 metros que non están desafectados, polo que se plantexa un trazado alternativo para a continuidade da Vía Verde, ata a estación de Portas.

**Quinto.** O proxecto "Vía Verde do Salnés" supón converter este patrimonio público (antigo trazado ferroviario) nun eixe de turismo interior, así como crear unha infraestrutura favorecedora dos desprazamentos non motorizados, en liña coas orientacións necesarias para a protección da calidade do aire, o desenvolvemento sostible e a loita contra o cambio climático.

Neste sentido, o acondicionamento deste tramo ferroviario "Vía verde do Salnés" permitirá que se converta nun itinerario de grande utilización e interese social, facilitando a conexión entre os núcleos rurais polos que atravesa mediante un itinerario que fomenta o contacto e o respecto polo medio natural, a través de espazos de enorme interese medioambiental, histórico e cultural.

**Sexto.** A Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ten emitido con data do 8 de setembro de 2017 un informe ambiental relativo ao proxecto "Acondicionamento como vía verde de Vilagarcía-Caldas-Portas", a solicitude da FFE, que conclúe que *".....o proxecto é compatible coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade, sempre e cando se garanta a observancia dunha execución que maximice unha praxe respectuosa co medio natural, tanto en relación á xestión de efluentes, como en perturbacións á fauna ou ocupacións adicionais de terreos non alterados e nos que non se ten previsto intervención, velándose polo cumprimento do disposto na lexislación vixente en materia de residuos, augas, flora e fauna"*.

**Sétimo.** Con data 28 de decembro de 2018, a Deputación Provincial de Pontevedra e os Concellos de Portas, Caldas de Reis e Vilagarcía de Arousa, asinaron un convenio de colaboración para levar a cabo a 1ª fase construtiva do proxecto de acondicionamento da "Vía Verde do Salnés".





A acta de comprobación do replanteo desta 1ª fase asinouse o 31 outubro de 2019, e nestas datas está o proxecto en execución, polo que esta 2ª fase prevese que se inicie antes do remate das obras da 1ª fase.

**Oitavo.** É desexo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia e dos Concellos de Portas, Caldas de Reis e Vilagarcía de Arousa establecer a colaboración que permita levar a termo o acondicionamento da "Vía Verde do Sainés" como unha senda mais a integrar ou incorporar no Programa de Camiños Naturais do MAPAMA.

De conformidade coas anteriores consideracións, as partes acordan subscribir o presente convenio con acordo ás seguintes

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA.- Obxecto do Convenio.**

1. O presente Convenio ten por obxecto articular a colaboración entre os Concellos de Portas, Caldas de Reis e Vilagarcía de Arousa e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, para A EXECUCIÓN DA "2ª FASE CONSTRUTIVA DO ACONDICIONAMENTO DO TRAZADO DE FERROCARRIL EN DESUSO PONTEVEDRA - CARRIL - SANTIAGO DE COMPOSTELA, Tramo: Vilagarcía de Arousa - Caldas de Reis - Portas, PARA USO COMO VÍA VERDE"

2. O aproveitamento destas infraestruturas ferroviarias como vía verde intenta dar resposta aos seguintes obxectivos:

- Manter o dominio público das infraestruturas.
- Frear a súa deterioración unha vez abandonados os seus usos funcionais.
- Fomentar actividades económicas e de creación de empregos estabilizando a poboación no seu lugar de orixe.
- Potenciar actividades alternativas: culturais, educativas ou recreativas (sendeirismo, cicloturismo, rutas a cabalo, paisaxismo...).
- Incorporar as infraestruturas en desuso ao equipamento social como apoio ás súas funcións convencionais e co obxecto de complementar outros desenvolvementos alternativos, turísticos, recreativos....



## **SEGUNDA.- Actuacións a realizar.**

As actuacións a realizar nesta segunda fase do acondicionamento da "Vía Verde do Salnés", consisten en:

- Sinalización imprescindible para a identificación do recorrido, e a sinalización prohibitiva e normativa.
- Acondicionamento de pontes e outras estruturas.
- Equipamentos complementarios con bancos, mesas e elementos aparcabicis.

## **TERCEIRA- Obriga das partes.**

### **• Obrigas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.**

- Aportar o financiamento previsto na Cláusula Cuarta do presente acordo.
- Licitat ou encargar as obras, a súa dirección, así como todas as actuacións relativas á súa tramitación.
- Recepcionadas as obras pola Administración autonómica, esta o porá en coñecemento das entidades que asinaron o convenio, entendendo que tal comunicación determina o nacemento da obriga de mantemento e conservación das obras.

### **• Obrigas dos Concellos de Portas, Caldas de Reis e Vilagarcía de Arousa.**

- Poñer a disposición da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda os terreos necesarios para poder levar a cabo a execución das actuacións sinaladas na cláusula segunda.
- Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Levar a cabo o mantemento e conservación da infraestrutura obxecto deste convenio.
- Dar a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia de que a obra para a creación da "Vía Verde do Salnés" se levou a cabo coa colaboración da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

As partes comprométense a realizar cantas accións resulten precisas para a correcta e completa execución das actuacións previstas neste convenio.

## **CUARTA.-FINANCIAMENTO.**

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda achega á finalidade deste convenio a cantidade de cento noventa e nove mil novecentos sesenta e seis euros



con dezanove céntimos de euro (199.966,19 €) con cargo á aplicación orzamentaria 07.03.541B.601.2 (2016 00070) dos orzamentos de gasto da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

Esta actuación está cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) co lema "Unha maneira de facer Europa", nun 80%, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020, elixible segundo os criterios de selección de operacións aprobados para o devandito programa de acordo coa seguinte desagregación:

| ELEXIBILIDADE              |         |                                                                                                     |
|----------------------------|---------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Obxectivo Temático         | 6       | Conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos                          |
| Prioridade de Investimento | 6.3     | Conservación, protección, fomento e desenvolvemento do patrimonio natural e cultural                |
| Obxectivo específico       | 6.3.2   | Protección, desenvolvemento e promoción das áreas naturais, en particular, as de interese turístico |
| Actuación                  | 6.3.2.3 | Fomento e promoción dos valores do Patrimonio Natural e da biodiversidade de Galicia                |
| Línea de actuación         | 24      | Medidas de fomento e promoción dos valores sobre o patrimonio natural e a biodiversidade de Galicia |
| Campo de Intervención      | 091     | Desenvolvemento e promoción do potencial turístico dos espazos naturais                             |
| Título da operación        |         | Actuacións de promoción e divulgación do Patrimonio Natural de Galicia                              |

As actuacións contempladas no convenio supoñen unha intervención para a mellora protección e conservación do patrimonio natural e contribúen á consecución do obxectivo específico 6.3.2. Así mesmo, cumpren cos criterios básicos de selección de operacións aprobados, sendo coherentes coa planificación establecida pola Administración para a protección e xestión da biodiversidade.

#### QUINTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Para o seguimento, execución e interpretación deste convenio créase unha Comisión de Seguimento constituída por un mínimo de un representante por cada unha das partes asinantes deste documento. Os membros desta Comisión poderán ser



substituídos polas persoas que estes designen. A substitución, con carácter definitivo ou temporal, de calquera dos membros da Comisión de Seguimento, será anunciada na convocatoria de reunión correspondente, e quedará debidamente reflectida na acta desta.

Esta comisión terá como funcións: o seguimento do cumprimento do convenio, en caso de ser necesario, concretar aqueles aspectos de execución do convenio que o requiriran, asegurar o intercambio de información entre as partes asinantes, supervisar a execución dos proxectos e resolver de común acordo calquera dúbida ou diferenza que se formule sobre a interpretación e aplicación do convenio.

A comisión reunirse en sesión constitutiva no prazo dun mes dende a sinatura do convenio e poderá reunirse tantas veces estimen oportuno as partes, para o mellor cumprimento e execución deste, e por iniciativa de calquera delas e sen prexuízo de que a urxencia de calquera circunstancia obrigue a realizar as que sexan necesarias.

### **SÉXTA. CAUSAS DE EXTINCIÓN.**

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen ter acordado a súa prórroga.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideren incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución determinado na cláusula quinta, e as demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persiste o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución, e entenderase resolto o convenio. A extinción do convenio por esta causa, poderá conlevar o pago dunha indemnización polos prexuízos causados derivados de actuacións xa executadas ou como consecuencia doutras actuacións que teñan que asumir debido ao referido incumprimento.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.





- e) Por resultar inviable a execución do convenio por causas non imputables ás partes.
- f) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Os efectos de resolución deste convenio serán os establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

### **SÉTIMA. MODIFICACIÓNS**

As modificacións formalizaranse mediante "addenda" cos mesmos requisitos e condicións para a aprobación do convenio, agás aquelas modificacións de carácter técnico aprobadas polo órgano de contratación de acordo coa normativa de contratos administrativos que non impliquen a superación do importe máximo reflectido na cláusula cuarta deste convenio.

### **OITAVA. VIXENCIA.**

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2020, sen prexuízo de que se poida acordar a súa prórroga antes da finalización desa data. O prazo de execución das accións previstas deste convenio será de catro meses e empezará a computarse dende o día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo.

### **NOVENA. NATUREZA E XURÍDICA**

O presente Convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e pola Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, polo Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións para a execución en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público.

### **DÉCIMA. PUBLICIDADE.**

A sinatura do presente convenio de colaboración suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten nel, e mailo resto de especificacións contidas neste, de conformidade co artigo 15 da Lei



1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30, do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149, do 3 de agosto).

### **DÉCIMO PRIMEIRA. MEDIDAS DE COMUNICACIÓN E EXTINCIÓN.**

As persoas físicas ou xurídicas que teñan encomendada a realización das actuacións obxecto deste convenio, ao abeiro deste convenio de colaboración e financiadas con fondos do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020, deberán cumprir coa normativa referente a información e publicidade comunitaria establecidas no apartado 2.2 do anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 e nos artigos 4 e 5 do Regulamento (UE) nº 821/2014 da Comisión do 28 de xullo de 2014.

Durante a execución da actuación colocárase un cartel informativo coas seguintes características:

- Dimensións: 0,80 x 1,50 m e con altura desde o borde inferior ao chan de 1,50 m.
- Colocación: nun lugar ben visible para o público.
- Lema: Unha maneira de facer Europa.
- Contido: nome da actuación + emblema + referencia a la Unión Europea + nome do Fondo + lema. Este contido ocupará cando menos un 25% do cartel.

Así mesmo colocárase nun lugar visible para o público, un cartel ou placa permanente, de tamaño significativo, unha vez finalizada a execución da actuación co mesmo contido do cartel informativo.

### **DÉCIMO SEGUNDA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos de carácter persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E VIVENDA  
Dirección Xeral de Patrimonio Natural



UNIÓN EUROPEA

Fondo Europeo de  
Desenvolvemento Rexional  
*Unha maneira de facer Europa*

**galicia**

desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

E en proba de conformidade por todo o anteriormente exposto e estipulado, asinan as partes intervincentes neste convenio de colaboración, por cuadruplicado no lugar e data indicados no encabezamento deste.



Pola Consellería de Medio Ambiente,  
Territorio e Vivenda

**D.ª Ángeles Vázquez Mejuto**  
**Conselleira**

Polo Concello de Caldas de Reis



Polo Concello de Portas

**D. Ricardo Martínez Chantada**  
**Alcalde -Presidente**

Polo Concello de Vilagarcía de Arousa



**D. Jacobo Pérez Gulín, Segundo**  
**Tenente de Alcalde do Concello**  
**de Caldas de Reis**



**Dona Tania García Sanmartín, Primeira**  
**Tenente de Alcalde do Concello de**  
**Vilagarcía de Arousa**